# 'CAMPIONATO TERRITORIAL'
# 2ª DIVISIÓN CADETE FEMININA

**FÓRMULA DE COMPETICIÓN**

Esta competición disputarase en tres (3) fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

**1ª FASE ou LIGA REGULAR:** Os dezaseis (16) equipos participantes distribuiranse en dous (2) grupos de oito (8) equipos, e xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta.

**2ª FASE ou FASE FINAL:**

ELIMINATORIA polo TÍTULO:

A disputarán os equipos clasificados no primeiro (1º) posto da Liga Regular en cada un dos dous (2) Grupos da 1ª Fase ou Liga Regular. Xogarase polo sistema de eliminatoria a dobre partido nunha mesma fin de semana.

| ELIMINATORIAS | | DÍA DE CELEBRACIÓN |
|---|---|---|
| Eliminatoria de Ida | Primero Grupo A – Primero Grupo B | Sábado 22/02/20 |
| Eliminatoria de Volta | Primeiro Grupo B – Primeiro Grupo A | Domingo 23/02/2020 |
| Os horarios por parte do equipo locatario, se fixarán en base as distancias kilométricas (NO.RE.BA.GA.) | | |

O vencedor e primeiro (1º) clasificado desta ELIMINATORIA polo TÍTULO terá o dereito a participar na eliminatoria previa a partido único* (Eliminatoria pola Final Four) entre o 5º Clasificado da División de Honra Cadete Feminina e o 1º Clasificado da 2ª División Cadete Feminina.

## DATAS DE CELEBRACIÓN

**1ª FASE ou LIGA REGULAR:**

Desenvolverase entre os días 06 de Outubro de 2019 e o 16 de Febreiro de 2020.

**2ª FASE ou FASE FINAL:**

ELIMINATORIA polo TÍTULO:

Desenvolverase nos días 22 e 23 de Febreiro de 2020.

***ELIMINATORIA POLA FINAL FOUR:**

| EQUIPO LOCAL | EQUIPO VISITANTE | DATA DE CELEBRACIÓN |
|---|---|---|
| 1º Clasificado na 2ª División Cadete Feminina | 5º Clasificado na División de Honra Cadete Feminina | 28 ou 29 de Marzo 2020 |
| A eliminatoria se disputará a partido único e por defecto na pista do equipo de 2º División. | | |

**3ª FASE ou FINAL FOUR:**

| | EQUIPO LOCAL | EQUIPO VISITANTE | DATA DE CELEBRACIÓN |
|---|---|---|---|
| **SEMIFINAL 1** | 3º Clasificado División de Honra Cadete Feminina | 4º Clasificado División de Honra Cadete Feminina | 04 de Abril 2020 |
| **SEMIFINAL 2** | 2º Clasificado División de Honra Cadete Feminina | Vencedor Eliminatoria Pola Final Four | 04 de Abril 2020 |

| | EQUIPO LOCAL | EQUIPO VISITANTE | DATA DE CELEBRACIÓN |
|---|---|---|---|
| **3º E 4º POSTO** | Perdedor Semifinal 1 | Perdedor Semifinal 2 | 05 de Abril 2020 |
| **FINAL** | Vencedor Semifinal 2 | Vencedor Semifinal 1 | 05 de Abril 2020 |

**DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NA FASE ESTATAL**



1º Representante:

Accederá directamente a Fase Estatal do Campionato Cadete Feminino o equipo clasificado en primeiro (1º) lugar da 1ª Fase ou Liga Regular da División de Honra Cadete Feminina.

2º Representante:

No caso de que a Federación Galega conte con, polo menos, quince (15) equipos na categoría Cadete Feminina participando nas diferentes competicións da categoría, contará cunha segunda praza na Fase Estatal que se outorgará o vencedor da 2ª Fase ou Final Four.

No caso de que un club teña equipos en División de Honra e en 2ª División da mesma categoría; o/s equipo/s da inferior división so poderán acceder a Eliminatoria pola Final Four no caso de que o equipo de División de Honra acceda directamente a Fase Estatal como 1º Clasificado da Liga Regular ou quede clasificado nos postos 6º, 7º, 8º, 9º, 10, 11º e 12º da devandita liga.

Vacante por Renuncia ou Invitación:

No caso de xerarse unha vacante na Fase Estatal, por renuncia ou por invitación por parte da RFEBM, os dereitos de participación pasarán por este orde, primeiro o 2º Clasificado da Final Four, despois o 3º Clasificado da Final Four e por último, o 4º Clasificado da Final Four.

**DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS**

Estas normas específicas do Campionato Territorial da 2ª DIVISIÓN CADETE FEMININA compleméntanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devenditas

normas compleméntanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.

Os dereitos deportivos de todos os equipos de cara á tempada 2020/21 están condicionados aos acordos de asemblea xeral que terá lugar no último trimestre de 2019.